



ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

ACORDO DE CONVOCATORIA DE ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR E SORTEO DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL

Infórmase a tódolos membros desta comunidade educativa que de acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 18/09/24), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos:

1. As **eleccións** realizaranse **entre os días 18 e 22 de novembro** de 2024, ambos os dous incluídos.
2. A **xunta electoral** regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, **constituírase entre os días 22 e 28 de outubro** de 2024, ambos os dous incluídos.

Considerando o mencionado artigo 30 do Decreto 92/1988, a Xunta Electoral encargada da organización e supervisión do procedemento de elección do membro do Consello Escolar estará integrada por:

- O Director.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai, nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Un alumno ou alumna.

designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes

A tal fin, esta dirección acorda proceder ao **sorteo público** dos membros da xunta electoral o **venres** día **18 de outubro de 2024** ás **11:20** horas na Salón de actos do centro.

A Coruña a 11 de outubro de 2024
A dirección